

Prezado/a veciño/a

O Concello de A Cañiza ,Xunta de Galicia e ECOEMBES, a entidade sen ánimo de lucro que xestiona a reciclaxe de envases lixeiros e papel cartón depositados polo cidadán nos colectores de recollida selectiva municipal en toda España, están a colaborar nunha nova campaña co fin de facilitar a recollida selectiva e reciclado nos establecementos da canle Horeca en A Cañiza.

Para iso Xunta de Galicia, Ecoembes e en colaboración con A Cañiza, pon a disposición dos establecementos da canle **Horeca**, a prestación dun servizo de asesoramento encargado de avaliar xunto a cada establecemento os medios necesarios que facilitarían a participación na reciclaxe de envases lixeiros. Os establecementos que se somen á iniciativa, dispoñerían de medios para depositar os devanditos residuos nos colectores amarelos municipais.

O **sector da hostalería e a restauración** ten un importante papel para seguir incrementando a reciclaxe de envases lixeiros no noso municipio. A vosa colaboración e participación é fundamental á hora de realizar unha correcta separación de envases lixeiros (envases de plástico, briks e envases de aceiro e aluminio) que se consuman no voso establecemento para que sexan posteriormente depositados no colector municipal amarelo.

A vosa implicación nesta iniciativa é fundamental para que entre todos sigamos contribuindo no incremento da reciclaxe de envases lixeiros no voso municipio e na mellora e conservación do medio ambiente. Xuntos e grazas ao poder da colaboración de todos os cidadáns xa alcanzamos unha taxa de reciclaxe global do 74,8% de envases lixeiros e papel cartón.

Desde Concello de A Cañiza , Xunta de Galicia e Ecoembes agradecemosvos a vosa colaboración.

O Alcalde de A Cañiza

Luís Antonio Gómez Piña

Para calquera incidencia/aviso ou solicitude de información, poñemos á súa disposición os números de atención telefónica: Bruno de Llano Gómez-Ulla (Ecoembes) 646 121 591.

